

PREGO TÉCNICO

Artigo 10.2.c) do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS DE MEDIO ABERTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000 DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

1. OBXECTO DO CONCERTO.

O obxecto de concerto é levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir dentro do ámbito da provincia da Coruña, medidas non privativas de liberdade, denominadas de medio aberto, impostas polos xulgados de menores ou que teñan que realizar tarefas e actividades de reparación extraxudicial, segundo o establecido na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal de menores.

O termo "persoa menor", entenderase, no marco do disposto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro así como na Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, como extensivo á totalidade daquelas persoas ás que lles sexa aplicable algunha medida derivada da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, independentemente de que alcanzaran ou non a maioría de idade no momento da execución, de acordo ao uso que do dito termo se dá na antedita lei.

2. DEFINICIÓN DO SERVIZO

O obxecto do concerto é a prestación do servizo para o desenvolvemento de programas e recursos destinados á execución de medidas xudiciais en medio aberto impostas polos xulgados de menores e dos programas educativos que as desenvolven, de xeito que quede garantida a execución das seguintes medidas en medio aberto:

- a) Tratamento ambulatorio.
- b) Asistencia a centro de día



- c) Permanencia de fin de semana en domicilio.
- d) Liberdade vixiada (preventiva e ditada en sentenza firme).
- e) Prestacións en beneficio da comunidade.
- f) Realización de tarefas socioeducativas.

Tamén quedará garantida a realización das tarefas e actividades de reparación extraxudiciais previstas no artigo 19 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro que, propostas polos equipos técnicos dos xulgados de menores, foran derivadas a unha xefatura territorial da Consellería de Política Social e Xuventude.

A intervención educativa integral en medio aberto levarase a cabo en cada provincia nun recurso non residencial que se denominará Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA), seguido do nome da provincia onde estea situado. Este local cumprirá os requisitos previstos no artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia e as características previstas para un centro de día no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

2.1. Obxectivos xerais do servizo.

A intervención educativa terá como obxectivo principal a reinserción social da persoa menor, para o cal se perseguirá que esta:

- Asuma as consecuencias da comisión do ilícito penal e se responsabilice do cumprimento da medida.
- Tome conciencia cívica dos seus dereitos e deberes e saiba respectar os dereitos e liberdades das outras persoas.
- Potencie as actitudes e adquira as competencias e habilidades que beneficien o seu desenvolvemento integral e lle permitan exercer unha cidadanía plena.
- A intervención educativa responderá na súa formulación e desenvolvemento aos seguintes principios xerais:
- O superior interese da persoa menor sobre calquera outro interese concorrente.



- O respecto ao libre desenvolvemento da súa personalidade.
- A información dos dereitos que lle corresponden e a asistencia necesaria para o seu exercicio.
- A aplicación de programas fundamentalmente educativos que fomenten o sentido da responsabilidade e o respecto polos dereitos e liberdades das outras persoas.
- A adecuación das actuacións á súa idade, personalidade, xénero e circunstancias persoais e sociais.
- A prioridade das actuacións na propia contorna familiar e social sempre que non sexa prexudicial para o seu interese. Utilización preferente dos recursos normalizados do ámbito comunitario.
- O fomento da colaboración das nais e pais ou persoas que ostenten a representación legal durante a execución das medidas.
- O carácter preferentemente interdisciplinar na toma de decisións que afecten ou poidan afectar á persoa menor.
- A confidencialidade, a reserva oportuna e a ausencia de inxerencias innecesarias na vida privada das e dos menores e das súas familias.
- A coordinación de actuacións e a colaboración con outros organismos, especialmente cos que teñan competencias en materia de educación e sanidade.
- O carácter socializador e a prevalencia da función social e psicopedagóxica na execución e contido das medidas.

3. POBOACIÓN ATENDIDA POLO SERVIZO

Poderán ser atendidas por este servizo, as persoas menores que teñan que cumprir unha medida xudicial de medio aberto imposta polos xulgados de menores, recollida no obxecto do concerto, ou que teñen que realizar reparacións extraxudiciais ou actividades educativas propostas polos equipos técnicos dos xulgados de menores en virtude do artigo 19 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro de responsabilidade penal dos menores.

A intervención educativa debe garantir que a persoa menor que execute



unha medida xudicial en medio aberto sexa informada dos dereitos e deberes previstos na lexislación aplicable e, en particular, dos seguintes:

- Dereitos

- Dereito a que durante a súa estadía e/ou participación en actividades programadas se vele pola súa integridade física e a súa saúde, sen que poida, en caso ningún, ser sometida a tratos degradantes ou a malos tratos de palabra ou de obra, nin ser obxecto dun rigor arbitrario ou innecesario na aplicación das normas.
- Dereito a recibir unha atención individualizada e unha educación de calidade nas aprendizaxes e actividades nas que participe, e á protección específica que pola súa condición lle dispensen as leis.
- Dereito a que se reserve a súa dignidade e intimidade, a ser designada polo seu propio nome, e a que a súa condición de menor sexa estritamente reservada fronte a terceiras persoas.
- Dereito a un programa de intervención individualizado, e a participar nas actividades que sexan adecuadas a súa idade e momento evolutivo.
- Dereito a formular peticións ou queixas que considere pertinentes, tanto ante o persoal encargado da execución das medidas coma ante a xefatura territorial da Consellería de Política Social.
- Dereito a recibir información persoal e actualizada dos seus dereitos e obrigas así como dos procedementos concretos para facer efectivos tales dereitos, en especial para formular peticións, queixas ou recursos.
- Dereito a que a súa representación legal, nos casos que corresponda, sexa informada sobre a súa situación e evolución así como sobre os seus dereitos.

Deberes:

- Realizar as actividades recollidas no PIEM.
- Manter unha actitude proactiva no desenvolvemento das actividades programadas.
- Respetar e cumprir as normas e as indicacións que reciban do



equipo educativo.

- Manter un trato correcto e adecuado cara todas as persoas coas que manteña relación como consecuencia da execución da medida.
- Utilizar adecuadamente as instalacións e os medios materiais que se poñan a súa disposición.
- Respetar as normas hixiénicas e sanitarias sobre vestiario e aseo persoal propias de cada actividade.

4. CONTIDOS

A intervención educativa que levará a cabo a entidade adxudicataria coa persoa menor en execución da medida xudicial que lle fora imposta seguirá, en todo caso, o establecido na parte dispositiva/fallo da sentenza. Así mesmo, será integral e incorporará a perspectiva de xénero, debendo abarcar tanto a dimensión persoal como a familiar e social. Ofrecerá espazos de escoita, reflexión, confrontación e acompañamento para a mellora da calidade de vida da persoa menor e do seu núcleo familiar. Comprenderá aquelas actividades e programas que contribúan á adecuada socialización da persoa menor e que deben incidir na súa formación, emprego, lecer, promoción ocupacional e convivencia.

4.1 Fases da Intervención. Metodoloxía e programas a desenvolver pola entidade.

A intervención organizarase, cando menos, nas seguintes fases:

- a) Fase de acollemento e valoración.
- b) Fase de elaboración do programa individualizado de execución da medida.
- c) Fase de desenvolvemento e seguimento da intervención.
- d) Fase de finalización e avaliación da intervención.

A metodoloxía fundamentarase, con carácter xeral, nos seguintes principios:

- a) Contextualización-Normalización: a intervención realizarase, sempre que sexa posible, na contorna social da persoa menor e usando as redes sociais normalizadas e especializadas.
- b) Individualización: as circunstancias e características individuais,



familiares e sociais deben tratarse e executarse para cada menor.

c) Perspectiva de xénero: realizarase unha intervención que teña en conta o xénero no proceso de conformación da identidade, permita recoñecer os factores de risco e protección asociados a esta variable e a considere como factor de desenvolvemento e integración social.

d) Potenciación: a intervención terá en conta as necesidades e carencias da persoa menor co obxecto de fomentar a súa autonomía e madurez persoal e superar os seus déficits formativos, culturais e de habilidades sociais e persoais.

e) Integración: contemplarase a persoa menor dunha forma integrada para lograr o arraigo e inclusión na súa realidade social.

f) Orientación: a intervención proporcionará axuda técnica e humana á persoa menor, dotándoa de ferramentas para manexar e superar as súas dificultades e conflitos.

En todo caso a metodoloxía dos distintos programas e actividades que se desenvolvan para a intervención educativa integral será:

a) Comprensiva e guiada, de tal xeito que a persoa menor entenda tanto os contidos coma o procedemento que se vai traballar.

b) Integradora, relacionando as diversas aprendizaxes de contidos de diferentes áreas que formen parte dunha mesma realidade.

c) Participativa, baseándose na motivación da persoa menor, no fomento da súa iniciativa e da súa implicación no desenvolvemento das actividades.

d) Grupal e cooperativa, perseguindo o desenvolvemento, a cohesión e a vivencia do sentimento de colaboración e equipo naquelas actividades que se realicen en grupo.

e) Dinámica, incorporando novos recursos materiais, especialmente os relacionados cos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

f) Progresiva, partindo da situación inicial da persoa menor iranse propoñendo actividades que supoñan unha maior dificultade, implicación e responsabilidade.

g) Reflexiva e de análise, facilitando que a persoa menor poida aplicar os coñecementos, actitudes e competencias técnicas e instrumentais que



melloren a súa posición persoal e participación social.

A intervención educativa integral en medio aberto desenvolverá canto menos os seguintes programas socioeducativos:

- a) De competencia social.
- b) De educación en valores.
- c) De promoción da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero.
- d) De aprendizaxe e apoio escolar.
- e) De tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e do seu uso seguro e responsable.
- f) De educación para a saúde.
- g) De prevención do consumo de drogas.
- h) De educación e seguridade viaria.
- i) De educación afectivo-sexual.
- j) De motivación, formación e orientación para a inserción laboral.
- k) De axuda psicolóxica e autoapoio. desenvolvemento da intelixencia emocional.
- l) De ocio e tempo libre.
- m) De intervención familiar.
- n) De atención a persoas menores maltratadoras e ás súas familias.
- ñ) De maternidade/ paternidade responsable.
- o) De detección e avaliación do risco de reincidencia.
- p) De atención específica e de loita contra os abusos sexuais das persoas menores e a pornografía infantil.
- q) De conciliación- reparación post-sentenza de acordo co artigo 51 da LORPM.



4.2 Estrutura e contidos mínimos do proxecto de intervención educativa do CIEMA:

a) Marco legal

b) Características da poboación atendida

c) Areas de intervención:

1ª Psicolóxica

2ª Saúde

3ª Escolar

4ª Formación, orientación e inserción laboral

5ª Lecer e tempo libre

6ª Convivencia e relacións coa contorna social

7º Familiar

d) Obxectivos por áreas de intervención.

e) Contidos e programas socioeducativos por área de intervención (tanto os programas recollidos no punto 1.3 deste anexo como aqueles que desenvolva a entidade a maiores. Estes últimos deben identificarse de forma clara).

Para cada programa describirase a súa fundamentación, obxectivos xerais e específicos, contidos, actividades, temporalización, metodoloxía e avaliación.

f) Marco metodolóxico da intervención educativa integral.

g) Organización e funcionamento do centro e da intervención:

1º Descrición e funcións do persoal

2º Organización e funcionamento do equipo multidisciplinar

3º Protocolo de actuación para cada fase da intervención

h) Descrición do sistema de relacións e coordinación do traballo coas



familias, recursos comunitarios, xulgados, fiscalías e entidade pública.

i) Sistema de seguimento e avaliación da intervención educativa nas distintas fases.

j) Avaliación do proxecto educativo (obxectivos, temporalización, instrumentos, criterios e indicadores).

5. DEBERES DAS ENTIDADES CONCERTANTES

5.1 En relación coa persoa menor ou mozo/a.

a) Respetar os seus dereitos, tanto os que lle recoñecen as leis nacionais como as internacionais, así coma os dereitos que se deriven da execución da medida xudicial.

b) Xestionar con axilidade a documentación administrativa que as persoas menores precisen.

c) Realizar o acompañamento e asesoramento, garantindo que a intervención educativa que se realice responda a parámetros de calidade.

d) Garantir a alimentación e cubrir os gastos de transporte nos casos en que, pola súa situación sociofamiliar, proceda.

5.2 En relación coa execución das medidas.

a) Aceptar a aquelas persoas menores que para a súa atención deriven as xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, constituíndo este último organismo o único con capacidade para derivalas. Durante a execución das medidas xudiciais os órganos territoriais provinciais da Consellería de Política Social serán os interlocutores directos cos xulgados e fiscalías de menores, canalizándose a través deles a documentación e información salvo que os xulgados e fiscalías de menores realicen algún requirimento directo aos CIEMA.

b) Elaborar e presentar nos prazos recollidos legalmente un programa individualizado de execución de medida para cada persoa menor ou un modelo individualizado de intervención nos supostos de medidas de carácter preventivo.

c) Realizar as actuacións que correspondan de acordo co programa de execución aprobado, para o seguimento e execución definitiva da medida.



- d) Elaborar os correspondentes informes de seguimento así como de incidencias, se as houber, ao obxecto de manter informadas á autoridade xudicial e administrativa.
- e) Presentar, cando se considere procedente, a proposta de revisión xudicial de medida ou medidas.
- f) Asistir ás entrevistas, reunións, actos e dilixencias procesuais aos que se lle convoque.
- g) Actuar de xeito coordinado co persoal técnico, entidades ou servizos que participen na execución da medida.
- h) Elaborar o informe final de valoración do proceso de execución e da situación a dita data da persoa menor.
- i) Informar, en calquera momento e a petición do departamento da Xunta de Galicia competente na área de menores, sobre a evolución da situación das persoas menores ao seu cargo.
- j) Seguir as instrucións establecidas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social así como das xefaturas territoriais, en relación coa execución das medidas xudiciais, e subministrar toda a información que lle sexa solicitada. En todo caso será a xefatura territorial correspondente quen remita e/ou comunique ao xulgado de menores que impuxo a medida toda aquela documentación esixible ao abeiro da LORPM e do seu Regulamento.
- k) Comunicar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social así como ás súas xefaturas territoriais calquera incidencia relevante na execución da medida ou o seu incumprimento, así como todas aquelas circunstancias referidas á organización e funcionamento do CIEMA que puideran supoñer irregularidades no desenvolvemento da actividade conveniada.
- l) Entregar á persoa menor, unha vez rematada a medida xudicial, toda a documentación persoal que lle pertenza. Así mesmo deberá ser devolto á Xefatura Territorial correspondente calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal, obxecto de tratamento, salvo aqueles que, segundo instrucións dos responsable do tratamento, deban ser destruídos, adoptando as medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso por parte de terceiros. Poderá o encargado do tratamento conservar os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento.



5.3 En relación co persoal adscrito a execución das medidas.

a) Contar cun cadro de profesionais para a intervención educativa con alta cualificación técnica e humana en número suficiente para cubrir as ratios establecidas no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, coa composición e número determinados na memoria achegada pola entidade que se anexa ao presente concerto.

As características do persoal, modalidades de contratación, titulacións, experiencia laboral horario etc. deben respectar o contido da devandita memoria.

Este persoal dependerá exclusivamente da entidade conveniada a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregadora respecto daquel, correspondéndolle á entidade a súa dirección técnico-educativa e organización. A administración será de todo allea ás relacións entre o persoal e a entidade colaboradora. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar dereito ningún en relación coa Administración nin esixirlle a esta responsabilidade de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade conveniada e o seu persoal.

En ningún caso a sinatura do concerto suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal que a entidade achegue para levar a cabo unha intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas de medio aberto.

A extinción do concerto non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do concerto como persoal da Xunta de Galicia.

b) A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do curriculum profesional. O cambio debe ser excepcional e expresamente motivado e respectar o mínimo esixido neste concerto.

c) Garantir a retribución axeitada do seu persoal, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración o custo de calquera mellora



nas condicións de traballo e /ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará.

d) Garantir a calidade técnica (titulación, formación e aptitude profesional) do persoal que leva a cabo a intervención, sendo ao seu cargo a formación e promoción precisa para asegurar a calidade da mesma.

e) O cumprimento respecto do persoal da entidade, da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

f) No suposto de que sexa obrigatoria a subrogación do persoal por estar así establecido nos convenios colectivos vixentes, estarase ao disposto nos mesmos.

g) O cumprimento do disposto nas normas vixentes en caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ao persoal con ocasión do exercicio do seu cometido, baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance en modo algún á Administración.

h) Aplicar criterios de mobilidade do persoal para reforzar as distintas áreas ou zonas segundo as necesidades de intervención educativa en cada momento.

i) Informar e formar ao persoal nas obrigas que dimanan da lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

j) Manter a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade e os parámetros de igualdade durante o período de duración do concerto, no caso de que resultase seleccionada para concertar pola aplicación destes criterios, de acordo co establecido no punto 12 do Anexo I

k) Desenvolver con carácter anual o plan de formación presentado pola entidade. As accións anuais a desenvolver neste plan deben enviarse á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con 3 meses de antelación á súa posta en marcha, para os efectos do seu visto e prace.

5.4 En relación coa intervención educativa.

a) Planificar a intervención educativa na provincia en base ao establecemento de áreas ou zonas de intervención que permitan o desenvolvemento das actuacións na propia contorna familiar e social da persoa menor.

b) Incorporar na súa metodoloxía de traballo a perspectiva de xénero.



c) Levar a cabo a intervención educativa de acordo co proxecto de intervención educativa integral para a execución das medidas xudiciais en medio aberto presentado pola entidade.

d) Preparar e xestionar os medios e recursos necesarios para o óptimo desenvolvemento das actividades e programas.

Para os supostos de desenvolvemento de tarefas e actividades de reparación extraxudicial, a intervención educativa atenderá ás indicacións que sobre este particular indique o Equipo Técnico do Xulgado de Menores correspondente.

5.5 En relación co CIEMA.

a) Contar cun Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA) situado na cidade da Coruña, denominado CIEMA Coruña, con capacidade mínima para executar simultaneamente 12 medidas xudiciais de asistencia a centro de día, que constitúe punto de atención e referencia para o cumprimento das restantes medidas xudiciais en medio aberto coas características e recursos indicados na memoria presentada pola entidade (no caso de que a entidade conte con outro equipamento se indicará o mesmo).

Este centro deberá cumprir os requirimentos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros.

b) Garantir a plena dispoñibilidade do dereito de uso e goce do inmovible durante a vixencia do concerto.

c) Contar coas autorizacións esixibles segundo a normativa vixente, así coma coas medidas de protección e seguridade precisas, as cales serán, en todo caso adecuadas ás condicións estruturais e das instalacións. Estas autorizacións deberán estar expostas durante o desenvolvemento da actividade nun lugar visible ao público.

d) Manter, conservar e coidar o local, asumindo a totalidade dos gastos de equipamento e de mantemento do inmovible (auga, luz, gas, limpeza e demais gastos de funcionamento).

e) Dispor do servizo de mantemento e limpeza preciso para o bo funcionamento.

f) Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do concerto o plan de autoprotección do centro .

A entidade se compromete a actualizar e/ou elaborar , aqueles plans necesarios así como aquelas xestións para a súa implantación e



cumprimento. Para evaluar os plans de autoprotección e asegurar a eficacia dos plans de actuacións en emerxencias realizará simulacros de emerxencia coa periodicidade mínima que fixe o plan , e en todo caso, unha vez ao ano, evaluando os seus resultados.

A entidade debe implantar o Plan de Emerxencia e Evacuación dos centros, conforme ao disposto no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados ás actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

g) Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do concerto o regulamento de réxime interno, o cal estará exposto no centro nun lugar visible ao público, e contará como mínimo coas normas de funcionamento, dereitos e deberes das persoas usuarias e órganos de representación e participación.

h) Contar cun libro de rexistro de persoas usuarias e cun expediente individual de cada menor.

i) Dispor dun libro de reclamacións e dunha caixa de suxestións de acordo co indicado na normativa que resulte de aplicación así como nas instrucións que ao respecto dite a Dirección Xeral competente, de cuxa existencia deberá informarse nun lugar visible ao público.

j) Expor, nun lugar visible ao público, o organigrama do persoal adscrito á execución das medidas.

k) Ter un horario de apertura durante toda a semana de 8:00 a 20:00 horas e contar coa presenza como mínimo dunha persoa educadora no centro. Nas fins de semana contar cando menos cunha persoa do mesmo perfil localizable.

5.6. Outras obrigas

a) Facilitar o exercicio das facultades de comprobación, dirección e inspección da Administración acerca da actividade conveniada. En consecuencia, en canto teña relación co obxecto do concerto, a Administración poderá obter da dita entidade a documentación e información que estime oportuna, establecer os sistemas de control de calidade que se deberán empregar e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes, reservándose, para estes efectos, a facultade de efectuar as visitas que estimen necesarias para comprobar as condicións técnicas de execución da intervención, o cumprimento dos requisitos para desenvolver a actividade, o trato e a asistencia que reciben as persoas beneficiarias, así como o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas



contraídas. Poderá solicitar a comparecencia do persoal directivo da entidade e/ou das persoas menores usuarias do servizo. Así mesmo, a Administración está facultada para ditar as instrucións oportunas para o estrito cumprimento do concerto.

A entidade acatará exacta e inmediatamente as ordes e instrucións que lle dite a Administración para a execución da actividade.

b) Asumir todos os gastos que se produzan por desprazamento do persoal, tanto para a intervención coas persoas menores como para a busca de recursos que fagan posible a execución do contido das medidas.

c) Garantir a execución das medidas, establecendo, de acordo coa lexislación vixente en materia laboral, as quendas e substitucións precisas en caso de ausencia do persoal titular.

d) Xustificar as pólizas de seguros e o pagamento da prima cada vez que corresponda renovar a dita póliza.

e) Indemnizar os danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira a actividade, excepto cando o dano fóra producido por causas imputables á Administración.

f) Cumprir a normativa vixente e cantas disposicións sobre protección e reeducación de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.

g) Desenvolver e executar todas aquelas instrucións, circulares, protocolos, etc., emitidas en relación coa actividade obxecto de concerto, pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para unha mellor organización e seguimento da actividade desenvolvida.

h) Remitir mensualmente á xefatura territorial correspondente a folia de ocupación debidamente cuberta segundo o modelo establecido na Circular que regule o procedemento de actuacións para a execución de medidas xudiciais en medio aberto impostas polos xulgados de menores e os programas educativos que as desenvolven.

i) Elaborar unha memoria anual e os informes de seguimento da actividade desenvolvida que se lle indiquen por parte do persoal técnico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

A memoria anual será elaborada de acordo coas instrucións que ao respecto dite a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica na Circular de Medio Aberto e presentada a ese órgano durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponde, e conterá a descrición e análise cuantitativo e cualitativo de todas as actuacións desenvolvidas durante ese ano.



j) Contar coa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para dar publicidade en calquera soporte das intervencións realizadas ao abeiro do concerto (publicacións, estatísticas, memorias, etc).

k) Contar coa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a organización de eventos (seminarios, congresos, xornadas, etc) así como a presentación de relatorios, comunicacións e outros nos que se traten temas directamente relacionados coa actividade obxecto do concerto.

l) Colaborar coa administración na investigación, estudo e desenvolvemento de programas relacionados coa delincuencia xuvenil en Galicia.

m) Incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia.

6. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZOS

6.1. Locais e Equipamento:

A entidade adxudicataria aportará a totalidade dos medios e materiais necesarios para facilitar unha atención adaptada ás condicións do servizo, entre os que se atopan o local/locais, material informático, telefónico... adecuados para o desenvolvemento das súas funcións.

6.1.1. Centro para a execución de medidas xudiciais da provincia da Coruña

Un CIEMA con capacidade mínima para executar simultaneamente 12 medidas xudiciais de asistencia a centro de día, situado preferentemente na cidade sede da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social, que se denomina CIEMA Coruña, propiedade da entidade, en arrendamento ou do que teña atribuída a xestión por título lexítimo por todo o tempo que dure o concerto .

Conexión a internet, catro equipos informáticos e unha impresora para uso exclusivo das persoas menores usuarias do CIEMA, así como os recursos materiais (mobiliario e material de oficina, material educativo, etc.) precisos para o correcto desenvolvemento da intervención educativa.

A memoria debe incluír en relación cos recursos materiais unha descrición clara das características do CIEMA, no que se indique:



- Descrición clara das condicións físicas e arquitectónicas, acompañando planos de planta e fotografías e indicando a capacidade (número de prazas), número de habitacións, espazos comúns do persoal e das persoas usuarias, espazos exteriores, etc, sinalando para cada un dos espazos o número de metros cadrados útiles e os usos correspondentes, así como a súa accesibilidade.
- Documentos gráficos de planta, portal, cubertas, etc, con acotación a escala dos alzados e diferentes plantas.
- Fotografías da fachada, do portal e dos espazos interiores da vivenda, así como dos espazos exteriores de contar con eles.
- Descrición do equipamento con indicación do seu número e descrición exhaustiva das características dos dispositivos informáticos e da conexión a internet dos que se dispón.
- Medios de transporte públicos cos que conta a zona, itinerarios, frecuencia e distancias aproximadas ao local.
- Descrición dos principais recursos educativos, sanitarios, de ocio, etc, cos que conta a zona e distancias aproximadas ao local.

No caso de que a entidade presente outro equipamento a maiores debe indicar así mesmo as características de dito equipamento.

6.2. Desprazamentos e dietas:

Todos os gastos derivados de desprazamentos e dietas correrán a cargo da entidade adxudicataria.

6.3. Marco de actuación:

A entidade adxudicataria deberá garantir o cumprimento dos procedementos establecidos pola Administración da comunidade autónoma de Galicia así como a normativa que afecte ao servizo.

6.4 Medios persoais

6.4.1. Persoal mínimo esixido para a prestación do servizo

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria, que deberá poñer a disposición do



servizo o persoal necesario e coa adecuada preparación técnica, para a atención das persoas menores.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá exercer en calquera momento a comprobación do cumprimento das ratios de persoal da entidade vinculada ao contrato, mediante o requirimento dos documentos TC2–Relación nominal de traballadores, ou ben mediante a comprobación *"in situ"* a través dos seus servizos de inspección.

A entidade adxudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal do equipo técnico en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc.

O persoal que forme parte do equipo técnico deberá achegar, de acordo co artigo 57 da L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

O equipo técnico interprofesional estará constituído por:

- Persoal de dirección/coordinación da intervención educativa integral en medio aberto: será exercida por unha persoa licenciada, diplomada ou con titulación universitaria de grao, preferentemente da rama das Ciencias xurídicas e sociais (psicoloxía, pedagogía, socioloxía, educación social ou traballo social).
- O persoal educador de medio aberto é o encargado de executar as medidas xudiciais neste ámbito. Realiza o seguimento da persoa menor no seu medio natural co obxectivo de facilitarlle o seu proceso socializador e madurativo. Atenderá especialmente ao proceso evolutivo individual, mediante o apoio necesario na superación das dificultades que deron lugar ao ilícito penal e na mellora das súas condicións persoais, familiares e sociais.
- Persoal psicólogo.
- Persoal Traballador Social.

6.4.2. Características e funcións do persoal

A. Dirección do centro:

A dirección do centro será exercida por unha persoa nomeada pola empresa/entidade adxudicataria, e deberá ter unha titulación



universitaria media, superior ou de grao preferentemente nas áreas psicolóxica, pedagóxica ou socioeducativa.

As súas funcións, entre outras, serán as de:

- Cumprir e facer que o persoal de intervención educativa adscrito á execución das medidas en medio aberto cumpra os mandatos xudiciais que proveñen do xulgado de menores correspondente.
- Asegurar o cumprimento das directrices marcadas dende a xefatura territorial da Consellería de Política Social e Xuventude correspondente e dende a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Planificar a intervención educativa en medio aberto.
- Coordinar a realización das tarefas e actividades de reparación extraxudicial.
- Organizar e distribuír os e as profesionais no territorio en base ao número de menores e ao tipo de intervención educativa que se precise.
- Dirixir e coordinar o desenvolvemento das actividades e programas así como as actuacións do persoal de intervención educativa de xeito que se garanta a interdisciplinariedade e a calidade da intervención.
- Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos individualizados de execución de medidas.
- Establecer canles de colaboración con outras entidades ou organismos, perseguindo a optimización dos recursos da contorna e a calidade da atención.
- Garantir a elaboración de toda a documentación que a normativa esixe para a execución das medidas e a súa remisión en prazo aos distintos departamentos da Xunta de Galicia competentes na área de menores.
- Realizar avaliacións periódicas do funcionamento da actividade e das actuacións levadas a cabo coas persoas menores.

B. Persoal educador social :

O persoal educador social debe cumprir as disposicións establecidas para esta categoría no convenio colectivo de aplicación (en particular aquelas referidas á titulación, habilitación ou réximes transitorios establecidos no IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores).



O persoal educador social de medio aberto é o encargado de executar as medidas xudiciais neste ámbito. Realiza o seguimento da persoa menor no seu medio natural co obxectivo de facilitarlle o seu proceso socializador e madurativo. Atenderá especialmente ao proceso evolutivo individual, mediante o apoio necesario na superación das dificultades que deron lugar ao ilícito penal e na mellora das súas condicións persoais, familiares e sociais. Este persoal terá , entre outras, as seguintes funcións:

- a) Coñecer as características da persoa menor, da súa familia e da súa contorna social.
- b) Informar de xeito comprensivo á persoa menor e a súa familia, sobre a súa situación xudicial e os dereitos e obrigas que marca a lei.
- c) Valorar as necesidades educativas de cada menor de acordo cos seus factores de risco e protección.
- d) Definir os obxectivos educativos e, en base a eles, elaborar o programa individualizado de execución de medida (PIEM) así coma os informes de seguimento, finais e de incidencias (se as houbera) que esixe a Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, e o seu regulamento.
- e) Explicar á persoa menor e, se procede, a súa familia o PIEM na súa vertente educativa e xudicial.
- f) Acompañar, orientar e educar ás persoas menores no seu proceso de maduración e de desenvolvemento de hábitos e habilidades persoais e sociais.
- g) Proporcionar mediación e axuda para resolver as situacións conflitivas que teñan as persoas menores a nivel persoal, familiar e social.
- h) Reforzar o proceso de formación regulada cando así se precise.
- i) Apoiar o proceso de orientación e formación laboral das persoas menores fomentando as súas capacidades para inserirse na sociedade.
- j) Proporcionar alternativas de ocupación do tempo libre a través da participación en actividades de lecer organizadas.

Todo o persoal educador adscrito á execución destas medidas deberá estar en posesión dunha diplomatura ou titulación universitaria de grao en Educación Social, ou en materias propias ou relacionadas coa intervención educativa ou social, ou contar coa acreditación



correspondente para o desempeño desta función.

C. Persoal psicólogo : O/a psicólogo/a de medio aberto será a persoa responsable da aplicación e intervención naquelas cuestións que teñan relación co seu perfil profesional. Este persoal terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Estudar a información psicolóxica que figure no expediente remitido polo xulgado e completala se fose preciso.
- b) Detectar posibles patoloxías clínicas ou o consumo de substancias tóxicas e derivar estes casos ao recurso especializado que corresponda.
- c) Colaborar co resto do persoal de intervención educativa na elaboración do PIEM e dos informes estipulados na lexislación aplicable.
- d) Asesorar e dar apoio técnico ao persoal educador durante todo o proceso de intervención educativa.
- e) Colaborar no traballo de avaliación e seguimento do/a menor.
- f) Elaborar e levar a cabo programas de intervención psicolóxica individual e familiar.

Este persoal deberá estar en posesión dunha licenciatura ou titulación universitaria de grao en Psicoloxía.

D. Persoal Traballador Social

O/a traballador/a social avaliará as relacións da persoa menor co seu medio social e familiar e orientará o traballo do persoal educador nesta área, para o cal deberá coñecer en profundidade o mapa de recursos e a súa dimensión comunitaria, en especial aqueles que fixan a súa atención nos e nas menores e as súas familias (servizos sociais, oficinas de emprego, asociacións, recursos de ocio e tempo libre, entidades deportivas e sociais, etc). Este persoal terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Informar á persoa menor e a súa familia dos recursos e axudas sociais existentes, nos casos en que sexa necesario.
- b) Tramitar a documentación e permisos administrativos que no seu caso poida precisar a persoa menor.
- c) Elaborar programas para mellora da capacidade de emprego dos e das



menores.

d) Diseñar, nos casos que corresponda e en coordinación co resto dos profesionais da intervención educativa, o itinerario personalizado de formación e/ou inserción sociolaboral.

e) Dar apoio técnico ao persoal educador durante todo o proceso de intervención educativa.

f) Colaborar co resto do persoal de intervención educativa no traballo de avaliación e seguimento do/a menor achegando a información oportuna para a elaboración dos informes estipulados na lexislación aplicable.

g) Coordinarse coas entidades públicas ou servizos sociais durante o desenvolvemento da intervención e , nos supostos de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión social, comunicar esta situación á finalización da medida.

Este persoal deberá estar en posesión dunha diplomatura ou titulación universitaria de grao en Traballo Social.

E. Outro persoal

o CIEMA poderá dispoñer de persoal de apoio doméstico e de servizos para a realización de tarefas tales como cociña, limpeza, transporte, mantemento, seguridade e outras.

6.4.3 Persoal mínimo para a execución do servizo.

En todo caso, a entidade deberá contar como mínimo cos seguintes recursos humanos:

Un cadro de profesionais para a intervención educativa constituído, polo menos, por:

- 1 director/a ou coordinador/a
- 11 educadores/as social/es
- 1 psicólogo/a
- 1 traballador social

A referencia efectuada a cada unidade correspóndese cun profesional a xornada completa.



Na memoria é necesario indicar, en relación con este persoal, a modalidade de contratación, titulación , xornada, horarios e número de horas anuais de dedicación.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo José Rey Sastre

(Asinado dixitalmente)

